

As sociedades instrutivas

A formación e o desenvolvemento de asociacións mutualistas, recreativas, políticas e culturais que agrupaban os estranxeiros en América Latina foi un fenómeno que tivo os seus inicios a mediados do século XIX e o momento de maior esplendor nas tres primeiras décadas do XX. Na década de 1850-60 xurdiron no Río da Prata as primeiras entidades macroterritoriais que procuraban actividades asistenciais e patrióticas.

Algunhas destas asociacións tiñan na súa prédica a defensa da identidade cultural da súa rexión, porén as máis naceron coa definida orientación de axudaren os seus compatriotas menos favorecidos polas carencias do sistema sanitario dos países de acollida e limitaron a acción cultural aos sectores máis prósperos da colectividade. As entidades galegas que atinxiron maior arraigamento foron aquelas que ofrecían asistencia mutualista e benéfica, contribuíndo así a encher un baleiro na estrutura asistencial e sanitaria dos países receptores, como foron os grandes centros galegos de Bos Aires, A Habana ou Montevideo.



Asemblea de socios de Progreso de Coles

Estas entidades macroterritoriais tamén se converteron nas primeiras sociedades de instrución fundadas polos galegos no exterior. Orientaron a súa actuación educativa cara á apertura de aulas para alfabetizaren e dotaren aos adultos emigrados que tiñan unha escasa cualificación profesional duns mínimos rudimentos culturais e técnicos de carácter profesional. Podemos destacar o *Plantel* escolar «Concepción Arenal», creado e financiado polo Centro Gallego da Habana, que entre 1880 e 1909 deu clases a máis de 29 000 alumnos.

Esta actividade a prol da cultura e a alfabetización dos emigrantes logo se fixo extensiva ás súas localidades de procedencia. A comezos do século XX comeza a proliferar a fundación de sociedades microterritoriais, que primaban como criterio integrador a orixe territorial dos socios (parroquia, concello, comarca). Estas entidades tiñan a finalidade primordial de contribuír a afianzar a unión e fomentar a solidariedade entre as persoas asociadas. Procuraban satisfacer as demandas e necesidades dos socios en diversos ámbitos, un dos cales era o educativo, onde asumiron como tarefa preferente fomentar e propagar o ensino no lugar de orixe, implantando e mantendo para tal efecto centros gratuítos de instrución primaria ou técnica, para así xeneralizar a escolarización dos menos favorecidos. A razón fundamental que esgrimían para xustificaren o intervencionismo neste eido radicaba no estado deficitario que rexistraba o ensino público en toda Galicia, unha situación que xa eles padeceran e que os levaba a unha posición de inferioridade real no momento de

traballaren nos países de acollida. Isto aparece moitas veces reflectido na prensa da colectividade ou nos propios regulamentos sociais:

«(...) Si cuando nuestros queridos padres nos mandaron a la escuela, hubiera las escuelas modernas como las que nosotros sostenemos ahora allí, y no nos hubiesen enseñado tanto catecismo y hubiésemos aprovechado el tiempo en cosas más provechosas, porque en la escuela en la que yo aprendí las primeras letras, jamás he visto otra preparación para exámenes que no fuera ir delante del cura a decir cuatro cosas que no entendíamos (...), hubiésemos estado más preparados para las luchas de la vida».

Relato dun socio de La Aurora de Somozas, sociedade de instrución da Habana, en *Galicia*, 7/3/1915.

As sociedades de instrución tiveron variadas actuacións. Nalgúns casos facíanse cargo integramente do financiamento, funcionamento e supervisión dos colexios que creaban e que tiñan titularidade privada. Noutros, a entidade promotora achegaba o capital necesario para dotar os centros de infraestruturas, e era competencia estatal o nomeamento e remuneración dos mestres/as, de tal xeito que estas escolas unha vez fundadas pasaban a ser públicas. Outras veces limitábanse a enviar partidas económicas ou doazóns de material para o equipamento e o bo funcionamento das escolas públicas.



Portada do boletín social da Unión Mugardeza de Instrucción da Habana

Para alén deste obxectivo ilustrado e solidario, as microsociedades contribuíron ao desenvolvemento e benestar das súas comunidades con doazóns para socorreren os seus paisanos necesitados, repararen camiños, igrexas e cemiterios, construíren hospitais, fontes e lavadoiros, levantaren monumentos conmemorativos ou financiaren festas patronais. Colaboraron igualmente na modernización agropecuaria e interviñeron nas mobilizacións de carácter agrarista das súas comarcas, mantendo estreitas relacións coas sociedades agrarias e cos movementos rexeneracionistas que izaban a bandeira anticaciquil e da abolición dos foros. Peña Novo, director do xornal agrarista de Vilalba, *El Ratón*, resumía así en 1913 o labor das sociedades de instrución galegas en Cuba:

«De Cuba viene o dinero que se necesita para atajar o hambre de anos míseros; de Cuba viene o dinero para todas las obras benéficas que aquí hacemos; en Cuba se fundan sociedades de instrucción (...) para levantar nas parroquias edificios escolares donde educar a la juventud que o municipio i o Estado abandonan; de Cuba tienen que venir, por consiguiente, los vientos de fronda que barran para siempre o obstáculo de todo progreso; o caciquismo imperante, enemigo da instrucción, da beneficencia i do bienestar do pueblo».

PEÑA NOVO (21/9/1913). Citado por NÚÑEZ SEIXAS (1998), *Emigrantes, caciques e indianos*, Vigo, Xerais